



CONCELLO DE BOBORÁS

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Ana Patricia Torres Madureira, alcaldesa do Concello de Boborás, no exercicio das competencias que me confire a normativa de aplicación vixente ao réxime local.

Vista a Resolución de Alcaldía pola que se aproban as Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 2 peóns de servizos múltiples a través do programa de empregabilidade da Deputación provincial de Ourense.

Visto o remate do prazo establecido para a presentación de instancias.

Visto o establecido na Base sétima

Vistas as solicitudes presentadas, e tendo en conta os requisitos establecidos na base cuarta

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a lista provisional de persoal admitido e excluído no proceso selectivo, para a contratación laboral temporal de dous peóns de servizos múltiples, relacionados nos anexos I e II, así como o listado de persoas que non acreditaron o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA 2 e que polo tanto deberán superar a proba de coñecemento do idioma galego (anexo III): ANEXO I: Listado de persoal admitido con indicación de apelidos e nome.

ANEXO II: Listado de persoal excluído provisionalmente, con indicación do/s motivo/s da exclusión.

ANEXO III: Listado de persoas que non acreditaron o coñecemento do galego

SEGUNDO.- Conceder un prazo de 2 días naturais, a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello – www.boboras.gal-, para presentar as alegacións a que houbera lugar.

TERCEIRO.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de edictos do Concello, na sede electrónica <https://boboras.sedelectronica.es/> e na páxina web do Concello -www.boboras.gal-.

Así o acorda a alcaldesa, Ana Patricia Torres Madureira, do que, como secretario-interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





CONCELLO DE BOBORÁS

ANEXO I – LISTADO DE PERSOAL ADMITIDO

- 1.- JESÚS PAZ CARNEIRO
- 2.- JOSÉ MANUEL LÓPEZ ESPÍÑEIRA
- 3.- JUAN ANTONIO ALVAREZ PINTO
- 5.- GABRIEL VILLAR GONZÁLEZ

ANEXO II – LISTADO DE PERSOAL EXCLUIDO PROVISIONALMENTE

- 1.- ROGELIO PÉREZ FRAIZ

Non presenta o título de manipulador de alimentos, segundo o establecido na letra **e)** da **base cuarta** do proceso selectivo.

- 2.- OSCAR GONZÁLEZ PAZ

Non presenta:

- O certificado de titulación académica que acredite dispor de graduado escolar ou superior, segundo o establecido na **letra b)** da **base cuarta** do proceso selectivo.
- O título de manipulador de alimentos, segundo o establecido na letra **e)** da **base cuarta** do proceso selectivo.

ANEXO III- LISTADO DE PERSOAS QUE NON ACREDITARON O COÑECEMENTO DO GALEGO

- 1.- ROGELIO PÉREZ FRAIZ
- 2.- OSCAR GONZÁLEZ PAZ

